






Problema224: Para os elementos de números atómicos 8, 13, 26, 33. Indica razonadamente e sen usar a táboa periódica:

- As súas estruturas electrónicas.
- Grupo e período ao que pertencen.

a)
Seguimos a regra de enchido de orbitais



b)
 $[{}_8X] = 1s^2 2s^2 2p^2 2p^1 2p^1$ Grupo 16 (Calcóxenos ou Anfíxenos), xa que ten catro electrons nos orbitais p ($2e^- s + 10e^- d + 4e^- p = 16$), e Período 2 como indica o número cuántico principal máis alto.

$[{}_{13}X] = 1s^2 2s^2 2p^6 3s^2 3p^1$ Grupo 13 (Grupo do B), xa que ten un electrón nos orbitais p ($2e^- s + 10e^- d + 1e^- p = 13$), e Período 3 como indica o número cuántico principal máis alto.

$[{}_{26}X] = 1s^2 2s^2 2p^6 3s^2 3p^6 4s^2 3d^2 3d^1 3d^1 3d^1 3d^1$ Grupo 8 (Metais de transición), xa que ten seis electróns nos orbitais d ($2e^- s + 6e^- d = 8$), e Período 4 como indica o número cuántico principal máis alto.

$[{}_{33}X] = 1s^2 2s^2 2p^6 3s^2 3p^6 4s^2 3d^{10} 4p^1 4p^1 4p^1$ Grupo 15 (Grupo do nitróxeno), xa que ten tres electróns nos orbitais p ($2e^- s + 10e^- d + 3e^- p = 15$), e Período 4 como indica o número cuántico principal máis alto.